



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE MAIO DE 2015.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DOCE MINUTOS** do día **CATORCE DE MAIO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **Dº. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **Dº KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **Dª DOLORES GARCÍA TROITIÑO** e **Dª MARIA DEL PILAR PEÓN IGLESIAS**, o Interventor municipal **Dº MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, e da Secretaria da Corporación **MARIA CACHARRO LOPEZ**, que suscribe e da fe.

Non asiste: **Dº LUIS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º. **ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS: 'REPINTADO E SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA'.**
- 2º.- **ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SUMINISTRO: 'EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA'.**
- 3º. **ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS: 'MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA EN BANDEIRA'.**
- 4º.- **APERTURA DOS SOBRES 'A' E, SE PROCEDE, DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO 'SUMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACCIÓN NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA'.**
- 5º.- **INVITACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA OBRA 'ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN DA RÚA POSTERIOR Á IGREXA PARROQUIAL DE SILLEDA**
- 6º.- **URBANISMO.**

- 1º. **ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS: 'REPINTADO E SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA'.**

ANTECEDENTES:

1. Na Xunta de Goberno Local do 07 de abril de 2015 acordouse:

- 6º.- **REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA.**

Visto que na sesión do 27 de xaneiro de 2015 a Xunta de Goberno Local acordou:



Primeiro.- Realizar o investimento denominado "Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira".

Segundo.- Aprobar o proxecto denominado "Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira"

Terceiro.- Solicitar para súa realización unha subvención por importe de 55.039,83 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2015.

Cuarto.- A existencia de dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo."

Visto que esta obra está subvencionada pola Deputación de Pontevedra, segundo resolución de concesión de axuda de data 17 de marzo de 2015, no PPOS/15.

Visto o proxecto denominado REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA, de data xaneiro de 2015, redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, cun orzamento de 45.487,46 € máis o 21% de IVE (9.552,37 €) o que fai un total orzamento de contrata de 55.039,83 €.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominadas "REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA".

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a **Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 45.487,46 € máis IVE denominado "REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 55.039,83 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 453.210, do estado de gastos do Orzamento Municipal.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - Parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)
- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB

36.540 - Silleda (Pontevedra)

- Construcciones Martínez Montes e Hijos S.L.
Rúa da Lagoa, nº 6
15.883 - Teo (A Coruña)

QUINTO. - Nomear como director das obras ó arquitecto redactor do proxecto José Luis Sanmiguel Guerreiro

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: "REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLED A E BANDEIRA"

Visto que a obra está financiada pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestructuras municipais 2015


Visto o **PREZO LICITACION:** O importe do presente contrato ascende á contía de **55.039,83 €**. O prezo certo queda desagregado nun valor de 45.487,46 €, e no IVE de 9.552,37 €.

Visto que remitíronse invitacións as seguintes empresas:

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - Parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)
- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Martínez Montes e Hijos S.L.
Rúa da Lagoa, nº 6
15.883 - Teo (A Coruña)

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de abril de 2015 examináronse as propostas económicas, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 3 empresas que se presentaron: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., ENDENOR CONSTRUCCION MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. e CONSTRUCCIONES MARTÍNEZ MONTES E HIJOS S.L., co resultado seguinte:

EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Melloras	Prazo Garantía
---------	------------------	-----------------	----------	----------------



Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	54.839,83 €	3 semanas	Non oferta	Non oferta ampliación
Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.	55.039,83 €	2 semanas	90 m2 de pintura reflexiva en cebreados, paso de peóns con pintura acrílica blanca valoradas en 585,00 €	18 meses
Construcciones Martínez Montes e Hijos S.L.	55.039,83 €	3 semanas	Non oferta	Non oferta ampliación

polo tanto considérase a mais vantaxosa a de Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L., polas melloras referidas e ampliación do de garantía.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de abril de 2015 acordouse:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de **"REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA"** a Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.

"REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA" Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.	Prezo adxudicación : 55.039,83 €. O prezo certo queda desagregado nun valor de 45.487,46 euros, e no IVE de 9.552,37 €. xunto coas melloras e prazo de garantía que constan na súa oferta.
--	---

O prezo de adxudicación é de **55.039,83 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida nº 698, de data 30 de abril de 2015 requírese ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL



por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 2058, de data 08 de maio de 2015 o candidato Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L. constitúiu a garantía definitiva polo importe de 2.274,37 €, mediante aval da "Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo)", nº 010000020152, de fecha 04 de maio de 2015, ademais dos documentos xustificativos esixidos.

Visto que con data 14 de maio de 2015, pola Intervención emítese informe de fiscalización.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de setembro de 2013, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

Adxudicar definitivamente á empresa ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL o contrato de OBRAS obxecto do proxecto de 'REPINTADO E SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBANS DE SILLED A E BANDEIRA', aprobado por acordo desta XGL do 27 de xaneiro de 2015, sendo o **Prezo de Adxudicación: 55.039,83 €**. O prezo certo queda desagregado nun valor de 45.487,46 euros, e no IVE de 9.552,37 €.

Consonte co artigo 156.2 do TRLCSP, a formalización do contrato deberá efectuarse no prazo máximo de QUINCE DÍAS desde que o adxudicatario reciba a notificación deste acordo.

2º.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SUMINISTRO: 'EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLED A'.

ANTECEDENTES:

1. Na Xunta de Goberno Local do 07 de abril de 2015 acordouse:

5º.- EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLED A - ANUALIDADE 2015.

Visto que o Concello solicitou unha subvención a través da Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproba: as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG número 115, do 16 dexuño) e Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se publica o acordo do Consello de Dirección



do 23 de decembro de 2008 polo que se modifican as bases reguladoras para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG número 15, do 22 de xaneiro).

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2014 douse conta de que pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar), comunicase Resolución, na que se concede unha subvención para realización da obra denominada "Equipamento para biosaludables e parladoiros de Silleda", anualidades 2014 e 2015.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de suministro, por procedemento negociado denominado "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2015"

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda :

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado, do Contrato de suministro por importe de 20.280,20 € máis IVE "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2015"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 24.539,04 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado, con cargo á aplicación orzamentaria 453.609.00, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50
36540 - Silleda (Pontevedra)

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade:"Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2015"



Visto que a obra está financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar)

Visto o **PREZO LICITACION**: O importe do presente contrato ascende á contía de **24.539,04 €** O prezo certo queda desagregado nun valor de 20.280,20 euros, e no IVE de 4.258,84 €.

Visto que remitíronse invitacións as seguintes empresas:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50
36540 - Silleda (Pontevedra)

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de abril de 2015 examináronse as propostas económicas, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 3 empresas que se presentaron: CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO S.A., CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO S.L. e ENDENOR, co resultado seguinte:

EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Melloras	Prazo Garantía
Construcciones Fernández Sarmiento S.A.	24.539,04 €	4 de maio	Non oferta	24 meses
Construcciones Míguez Xestoso S.L.	24.539,04 €	4 de maio	Non oferta	24 meses



Endenor	24.539,04 €	4 de maio	Instalación da totalidade do quipamento, mediante o atornillado do equipamento ofertado, sen incluír a base de formigón.	30 meses
---------	-------------	-----------	--	----------

de que ofertan o mesmo prezo, **24.539,04 €**, polo que, diante do empate na oferta económica, se considera a máis vantaxosa a de Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L., polas melloras referidas, e ampliación do de garantía.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de abril de 2015 acordouse:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de "EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2015" a Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.

"EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2015" Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.	Prezo adxudicación : 24.539,04 €. O prezo certo queda desagregado nun valor de 20.280,20 euros, e no IVE de 4.258,84 €. xunto coas melloras e prazo de garantía que constan na súa oferta.
---	---

O prezo de adxudicación é de **24.539,04 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- *Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.*

Terceiro.- *Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.*

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida nº 705, de data 30 de abril de 2015 requírese ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 2059, de data 08 de maio de 2015 o candidato Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L. constituíu a garantía



definitiva polo importe de 1.014,01 €, mediante aval da "Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo)", nº 010000020153, de fecha 04 de maio de 2015, ademais dos documentos xustificativos esixidos.

Visto que con data 14 de maio de 2015, pola Intervención emítase informe de fiscalización.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de setembro de 2013, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Adxudicar definitivamente á empresa ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL o contrato de SUMINISTRO de 'EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES Y PARLADOIROS DE SILLEDA', nas condicións do expediente aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local do 7 de abril de 2015 e o acordo adoptado na sesión do 24 de abril de 2015, sendo o **Prezo de Adxudicación: 24.539,04 €**. O prezo certo queda desagregado nun valor de 20.280,20 euros, e no IVE de 4.258,84 €.

Consonte co artigo 156.2 do TRLCSP, a formalización do contrato deberá efectuarse no prazo máximo de QUINCE DÍAS desde que o adxudicatario reciba a notificación deste acordo.

3º. **ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS: 'MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA EN BANDEIRA'.**

ANTECEDENTES:

1. Na Xunta de Goberno Local do 24 de abril de 2015 acordouse:

4º.- **MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA EN BANDEIRA.**

Visto que o Concello solicitou unha subvención Á Deputación Provincial de Pontevedra dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15).

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 1724, de data 23 de abril de 2015, comunicase polo Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra resolución presidencia de data 20 de abril de 2015, mediante a cal cóncedese unha subvención pola cantidade de 54.000,00 € paa a realización do investimento "Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira".

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2015 aprobouse o proxecto "Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira", redactado pola arquitecto Natalia Campos Ferro.

Xunta de Goberno Local de 14 de maio de 2015

Páxina 9 de 19



Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominado "**Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira**"

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a **Xunta de goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 44.628,10 € máis IVE denominado "**Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira**"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 54.000,00 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 151.619, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso, S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50
36540 - Silleda (Pontevedra)

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: "**Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira**"

Visto que a obra está financiada pola Deputación Provincial de Pontevedra dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15).

Visto o **PREZO LICITACION**: O importe do presente contrato ascende á contía de **54.000,00 €** O prezo certo queda desagregado nun valor de 44.628,10 euros, e no IVE de 9.371,90 €.

Visto que remitíronse invitacións as seguintes empresas:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso, S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50
36540 - Silleda (Pontevedra)

Visto que na Xunta de Goberno Local do 08 de maio de 2015 acordouse:

7º.- APERTURA DOS SOBRES 'A' E, SE PROCEDE, DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE 'MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA EN BANDEIRA'.

Á vista das ofertas presentadas en prazo polas empresas invitadas a participar no procedemento negociado sen publicidade para adxudicar as obras de "Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira", segundo o expediente aprobado na Xunta de Goberno Local do 24 de abril de 2015, procédese á cualificación previa dos documentos achegados no tempo e forma correspondentes e o Alcalde ordena a apertura dos sobres "A", que conteñen a documentación administrativa. Logo do exame formal da mesma, resultan admitidas as tres ofertas presentadas, polo que se procede á apertura dos sobres "B" (ofertas económicas e documentación técnica), co seguinte resultado:

EMPRESA	Prazo Execución	Melloras	Prazo Garantía	Oferta Económica
Construcciones Fernández Sarmiento SA	Non oferta	Non oferta	Non oferta	44.628,10 € + IVE
ENDENOR Mantenimiento y Servicios SL	Dous meses (non oferta)	Non oferta	Un ano (non oferta)	44.628,10 € + IVE
Construcciones Míguez Xestoso SL	Catro semanas	Colocación de dous bancos e dúas papeleiras	Non oferta	44.628,10 € + IVE

Á vista das ofertas presentadas, dase traslado das mesmas aos servizos técnicos para que emitan o correspondente informe.

Vista a resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2015, que literalmente dí:



"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Á vista do expediente tramitado para adxudicar, polo procedemento negociado sen publicidade, as obras de "Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira", e de acordo co informe de valoración das ofertas admitidas na sesión da XGL do 08/05/2015, emitido pola arquitecta dona Natalia Campos Ferro.

En cumprimento do previsto no artigo 151.3 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e en avocación, por razóns de celeridade, das facultades que deleguei na Xunta de Goberno Local mediante resolución do 27/09/2013,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos no procedemento de adxudicación, polo procedemento negociado sen publicidade, das obras de "Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira", atendendo á proposta levada a cabo pola arquitecta dona Natalia Campos Ferro, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

	Prazo Execución 0 a 2 puntos	Melloras 0 a 7 puntos	Prazo Garantía 0 a 1 punto	Oferta Económica 0 a 2 puntos	TOTAL
Construcciones Míguez Xestoso SL	2 puntos	2 puntos	0 puntos	2 puntos	6 PUNTOS
Construcciones Fernández Sarmiento SA	0 puntos	0 puntos	0 puntos	2 puntos	2 PUNTOS
ENDENOR Mantenimiento y Servicios SL	0 puntos	0 puntos	0 puntos	2 puntos	2 PUNTOS

SEGUNDO. Notificar e requirir á empresa CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L., licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo de dez días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de constituir a garantía definitiva que sexa procedente."

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida nº 782, de data 12 de maio de 2015 requírese ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artº 140 LCSP.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 2170, de data 14 de maio de



2015 o candidato Construcciones Míguez Xestoso S.L. constituíu a garantía definitiva polo importe de 2.231,41 €, mediante ingreso en metálico na conta que en Concello posúe na entidade ABANCA., ademais dos documentos xustificativos esixidos.

Visto que con data 14 de maio de 2015, pola Intervención emítese informe de fiscalización.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de setembro de 2013, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

Adxudicar definitivamente á empresa CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. o contrato de OBRAS obxecto do proxecto de 'MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA EN BANDEIRA', nas condicións do expediente aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local do 24 de abril de 2015, sendo o **Prezo de Adxudicación de 54.000,00 €** O prezo certo queda desagregado nun valor de 44.628,10 euros, e no IVE de 9.371,90 €..

Consonte co artigo 156.2 do TRLCSP, a formalización do contrato deberá efectuarse no prazo máximo de QUINCE DÍAS desde que o adxudicatario reciba a notificación deste acordo.

4º.- **APERTURA DOS SOBRES 'A' E. SE PROCEDE, DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO 'SUMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACCIÓN NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA'.**

Á vista da oferta presentada en prazo por INSTALACIONES DEZA, S.L., única presentada polas empresas invitadas a participar no procedemento negociado sen publicidade para adxudicar a subministración e instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa da Cultura de Silleda, segundo o expediente aprobado na XGL do 24/04/2015, procédese á cualificación previa dos documentos achegados no tempo e forma correspondentes e o Alcalde ordena a apertura do sobre "A", que contén a documentación administrativa. Logo do exame formal da mesma, resulta admitida a oferta presentada, polo que se procede á apertura do sobre "B" (oferta económica e documentación técnica), co seguinte resultado: VINTE E TRES MIL TRESCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (23.393,39 €) máis IVE (4.912,61 €).

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de setembro de 2013, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** notificar e requirir á empresa INSTALACIONES DEZA S.L., licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo de dez



días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social (ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso), de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

5º.- INVITACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA OBRA 'ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN DA RÚA POSTERIOR Á IGREXA PARROQUIAL DE SILLED A

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 08 de maio de 2015 acordouse:

"PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 51.316,80 € máis IVE "Adecuación e rehabilitación da rúa posterior á igrexa parroquia de Silleda".

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 62.093,33 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 433/619.00, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato."

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de setembro de 2013, por unanimidade **ACORDA**

PRIMEIRO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa propostas polos concelleiros presentes na sesión:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso, S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50

36540 - Silleda (Pontevedra)

SEGUNDO.- Nomear como director das obras ó Arquitecto redactor do proxecto, Dº Abraham Castro Neira (Arquitecto colexiado 4.401).

6º. URBANISMO.

6.1.- Solicitud de licenza para segregación e agrupación de parcelas no lugar de Trandeira, parroquia de Piñeiro (Silleda) presentada por Dº Manuel Rodríguez González.

Visto que por Dº M. R. G. Z preséntase solicitude para segregación (Rexistro de Entrada nº 3174, de data 23 de xullo de 2014) para segregación e agrupación de parcelas no lugar de Trandeira, parroquia de Piñeiro (Silleda), segundo proxecto do arquitecto, Dº José Luis Sanmiguel Guerreiro, colexiado nº 2564.

Visto que con data 14 de maio de 2015, polo Arquitecto do concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico que transcríbese a continuación:

"Solicitante

Data de rexistro 23.XUL.2014 *Nº* 3174 *Data escrito* 23.XUL.2014

Solicitud Segregación e agrupación de parcelas.

Tipo de solicitude Obra Maior

Emprazamento Lugar de Trandeira, Piñeiro.

Referencia catastral 36052D506006530000XL e 36052D506006520000XP

Autor do Proxecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto colexiado 2564 COAG

Proxecto Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo)
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia)
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística)
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico)



- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español
- 12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana
- 15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981
 - 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012.
 - 16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012.
- 17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O día 8 de maio de 2015 amósanse 25 expedientes para a redacción de informe técnico, entre os que se atopa a solicitude de licenza asinada por Manuel Rodríguez González, presentada con R.E. 3174 de 23.XUL.2014. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto Colexiado 2564 COAG.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa

de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Segregación e agrupación de parcelas**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

5. Consonte á normativa vixente, o artigo 206.1 da LOUGA prohibe a segregación de predios con carácter xeral. Establece, porén, a excepción no caso de partición de herdanzas "(...) sempre que non afecte a solos de especial protección agropecuaria". O planeamento vixente, segundo a disposición transitoria primeira clasifica este solo como rústico de protección ordinaria, como xa se dixo, e polo tanto sería viable; sen prexuízo de que o aprobado inicialmente o clasifica como protección agropecuaria. En todo caso, como se indicou no punto 2 dos antecedentes deste informe, unha vez rematada a suspensión de licenzas, enténdese que o planeamento en vigor é o PXOM de 1981, polo que se considera viable esta agrupación- segregación.

6. A parcela matriz "A", de 2.600 m² está edificada, non consta como parcela segregada no Catastro, no que forma parte da parcela 653, pero si se aporta escritura de segregación e donación ante a notaría María José Latas Espiño, de 8 de febreiro de 1996, pola que se segrega a parcela 653-1, de 26 áreas de extensión, da parcela matriz nº 653. Esta parcela pasa a ter un tamaño superior fruto desta agrupación-segregación, pasando a ter 6.777 m² no proxecto de segregación e agrupación. Canto á condición da edificación que alberga esta parcela, en ámbolos dous casos está fóra de ordenación por incompatibilidade de solo, polo que non se poden aplicar parámetros urbanísticos de ocupación, posición ou edificabilidade e, en todo caso, non se divide senón que se engade superficie, polo que se considera que non é incompatible coa lexislación, sen prexuízo da situación legal de fóra de ordenación que ten a casa e que conservaría despois da segregación- agrupación.

7. As parcelas obxecto de agrupación- segregación atópanse dentro do ámbito da Concentración parcelaria de Cervaña- Lamela- Piñeiro, polígono 6, parcelas 652 e 653 dos planos do acordo, que se insiren neste informe. Deberase estar ao disposto na Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, no relativo a segregacións. Artigo 52:

"Non será válida a división ou segregación de terreos de substitución, salvo nos seguintes casos:

a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de terreos lindantes, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, **tanto o terreo que se divide ou segrega coma a lindante non resulten de extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).**

b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.

c) Se se produce por causa de expropiación forzosa."

7.1 Neste sentido, o artigo 3.1. b establece o seguinte:

1. O decreto de concentración parcelaria determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario está obrigado a:

a) (...)

b) **Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.**

Para este efecto, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, ditará, oída a xunta local de zona, resolución



motivada, na que sinalará a **unidade mínima de cultivo para a zona**, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de produción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei estatal, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

8. Canto á superficie mínima de cultivo, o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, para o Concello de Silleda, **0,30 hA a sequeiro e 0,20 hA para regadío**. Segundo se desprende do título de propiedade, na folla de características das fincas de reemprazo, as parcelas **652 e 653 son sequeiros, polo que lle corresponden 0,20 hA de superficie mínima**.

PARCELAS MATRICES			PARCELAS-RESULTANTES
superficie inicial	parcela instrumental	Superficie + parcela instrumental	Superficies resultantes
A 2.600 m ²	A 2.600 m ²	A+B1 6.777 m ²	A' 6.777 m ²
B 13.868 m ²	B1 4.177 m ²		
	B2 6.917 m ²	B2 6.917 m ²	B' 6.917 m ²
	B3 2.774 m ²	B3+C 6.570 m ²	C' 6.570 m ²
C 3.796 m ²	C 3.796 m ²		
total 20.264 m ²	20.264 m ²	20.264 m ²	20.264 m ²

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de segregación e agrupación de parcelas.

Segundo establece o artigo 206.1, parágrafo 3 da LOUGA, deberase facer constar o compromiso expreso de non edificar os lotes resultantes.

Polo exposto, e de acordo cos informes técnico e xurídico que obran non expediente, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de setembro de 2013, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**

PRIMEIRO.- Conceder a D^o **M. R. G.** licenza de segregación e agrupación en base ao proxecto redactado polo arquitecto, D^o José Luis Sanmiguel Guerreiro, e tal e como queda reflexado no informe emitido polo Arquitecto do concello, Lino Manuel Doporto Framil, en data 14 de maio de 2015 anteriormente transcrito.

SEGUNDO.- A presente licenza outórgase agás dereito de propiedade e ser perxuizo de terceiro, non podendo ser invocada para excluir ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que poida incorrer o seu beneficiario no exercizo da actuación autorizada.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as trece horas e dezaseis minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria, dou fe e certifico.

Silleda, a 14 de maio de 2015



Asdo. Manuel Cuiña Fernández



Asdo. María Cacharro López